

CONSERVATORIO SUPERIOR  
DE MÚSICA DA CORUÑA

AUDITORIO ANDRÉS GAOS

MATAMÁ ENSEMBLE  
CONCERTO FOLK

CONCERTO

MÉRCORES 23 DE FEBREIRO 20:00H. 2011

*"María Domínguez Pérez, alumna de Organoloxía do piano, organizou este concerto como parte práctica do seu traballo de investigación sobre a Zanfona. Con esta actividade pretende acercarnos ós instrumentos tradicionais galegos. A exposición do citado traballo terá lugar o vindeiro 16 de Marzo ás 18:00 horas, na aula 3.06 do Conservatorio Superior de Música de A Coruña, sendo unha actividade aberta a calquer persoa interesada no tema."*

[csmcoruna.com](http://csmcoruna.com)



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Conservatorio Superior de Música da Coruña

**1ª parte**  
**- Sárdoma**

Nazario González, “Moxenas” / David Bellas  
**- San Tirso**

Tradicional / David Bellas  
**- Lalín**

Xosé Benito González / David Bellas  
**- Lolinha!**

Tradicional / David Bellas  
**- Jota de Bazar – Muiñeira d’O Fiadeiro**

Trad. – Trad. (*Cancioneiro Popular Galego*, D. Schubarth e A. Santamarina)  
**- Entroido**

Tradicional / David Bellas  
**2ª parte**

**- Nana de Paradela de Leobalde**

Tradicional / David Bellas  
**- Zokas**

Tradicional / David Bellas  
**- O Tenté**

Tradicional (*Cantares da Terra das Frieiras*, X. L. Foxo) / David Bellas  
**- Foliada**

Tradicional / David Bellas  
**- Variacións nun Gholpe**

Tradicional (*Cancionero Musical de Galicia*, C. Sampedro) / David Bellas

## MATAMÁ ENSEMBLE

Matamá Ensemble fórmase en Vigo en xaneiro do ano 2010. Tras 3 meses de ensaios, o grupo fai o seu concerto de presentación, en abril do mesmo ano, no barrio vigués do que toman o seu nome, Matamá, conseguindo gran éxito de público e crítica. A partir deste momento se suceden concertos por gran parte da xeografía galega, participando en festivais como o “I Festival Folk de Vigo” ou o “VII Día do Orgullo Gaiteiro” en Ourense, e fora dela, como o festival “Folk en la Sierra” dentro do “Festival Internacional de la Sierra”, en Fregenal de la Sierra (Badajoz). En xullo do mesmo ano, é dicir, tan só 3 meses despois da súa presentación, Matamá Ensemble é seleccionado, polo público e por un xurado especial para a ocasión, como finalista do II Certame Internacional “Amigos del Folk Plascencia”, resultando gañador do mesmo un mes máis tarde, e cuxo premio consiste en formar parte do cartel da próxima edición do festival “Folk Plascencia” (Plascencia, Cáceres), un dos máis importantes da península.

Matamá Ensemble está formado por catro xoves músicos, todos eles con ampla experiencia, non só na música tradicional e folk, senón noutras músicas como a clásica, o jazz ou mesmo o heavy metal. Os seus compoñentes son:

- **Noa Vidal** (Carballiño, Ourense, 1987): Percusións e voz. Foi compoñente de numerosas bandas de gaitas, sendo en moitas delas mestra de percusión. Destaca a súa etapa como compoñente da “Real Banda de Gaitas da Deputación de Ourense”, colaborando con músicos como Carlos Núñez, Cristina Pato, Jean Pierre Van Hees, Dan Ar Braz; Hevia, Iain McDonald, etc., e participando con ela en festivais por todo o mundo.

- **Xurxo Fernández** (Vigo, 1987): Gaita. Titulado Superior en Son e Titulado Profesional en Gaita Galega, está a piques de rematar o Grao Superior en “Instrumentos da música tradicional e popular de Galiza”. Foi compoñente do Cuarteto Tradicional “Anacos de Buxo”, un dos máis premiados nos concursos para este tipo de formación. É director da Banda de Gaitas “Xarabal” de Vigo e compoñente de “Projecto de Foles”, un proxecto de música camerística para catro gaitas onde se mesturan os sons tradicionais coas sonoridades máis contemporáneas.

- **Lucía Comesaña** (Vigo, 1983): Zanfona e voz. Titulada Profesional nas especialidades de Gaita Galega e Clarinete, actualmente estuda o Grao Superior en “Instrumentos da música tradicional e popular de Galiza”. Cursou estudos de zanfona con Anxo Pintos (“Berrogüetto”) e asistiu a cursos con grandes zanfonistas coma Germán Díaz, Paulo González, Valentín Clastrier, Isabel Pignol, Gregory Jolivet, etc.

- **David Bellas** (Viveiro, Lugo, 1985): Saxo soprano e arranxos. Titulado Profesional en Gaita Galega, actualmente está rematando o Grao Superior en “Instrumentos da música tradicional e popular de Galiza”. É un dos gaiteiros galegos máis premiados, tanto coma solista, coma por ser compoñente do cuarteto tradicional “O Chupacabras”. Así mesmo é compositor de obras que xiran, principalmente, arredor deste instrumento. Cursou estudos de saxofón no Conservatorio Profesional de Música de Viveiro. Xunto cos seus compañeiros Xurxo Fernández e Lucía Comesaña, é compoñente e compositor do cuarteto de cámara “Projecto de Foles”.

O repertorio de Matamá Ensemble é unha viaxe pola música tradicional galega dos últimos 50 anos (incluíndo nesta muiñeiras, jotas, pasodobres, etc.) dende unha óptica actual, apostando pola contemporaneidade da mesma.